

REGULAMENTO DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS INFORMACIÓNS RECIBIDAS NO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(Aprobado polo Consello de Goberno da UDC o día 28 de xuño de 2023, logo da consulta co Comité de Empresa e a Xunta de Persoal)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva (UE) 2019/1937, do 23 de outubro, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión e a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción obrigan ás universidades públicas a contaren cun sistema interno de información a través do cal, coas debidas garantías de sxiilo e de protección fronte a calquera represalia, poidan ser formuladas informacións relativas á accións ou omisións constitutivas de delito ou infracción administrativa grave ou moi grave.

O artigo 9 da referida Lei 2/2023 establece que o órgano de goberno de cada entidade deberá aprobar o procedemento de xestión das informacións recibidas a través do sistema interno de información. O presente regulamento, estruturado en tres títulos, catorce artigos e unha disposición final dá cumprimento, no seo da Universidade da Coruña, a esa obriga legal.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. OBXECTO E ÁMBITO MATERIAL DE APLICACIÓN

O presente procedemento regula a recepción, tramitación, investigación e resolución de informacións a través do Sistema Interno de Información da Universidade da Coruña relativas a accións ou omisións que puidesen ser constitutivas de infraccións do Dereito da Unión Europea ou de infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves.

Artigo 2. ÁMBITO PERSOAL DE APLICACIÓN

1. Poden remitir informacións a través do Sistema Interno de Información da Universidade da Coruña as seguintes persoas:

- a) As que sexan ou fosen empregadas públicas da Universidade da Coruña
- b) As que manteñan ou mantivesen coa Universidade da Coruña calquera outra relación laboral, as que presten ou prestasen servizos como voluntarias e as que son ou foron beneficiarias dunha bolsa ou axuda, desenvolvan a súa actividade nas dependencias da Universidade da Coruña.
- c) As que estean ou estivesen contratadas pola Universidade da Coruña por medio de calquera dos contratos, públicos ou privados, regulados na Lei de contratos do sector público, o persoal ao seu servizo e as súas subcontratistas.
- d) As que participen ou participasen en procedementos de selección de persoal ou de contratistas tramitados pola Universidade da Coruña.
- e) As que sexan ou fosen membros do Claustro, do Consello de Goberno e do Consello Social da Universidade da Coruña sen teren a condición de empregadas públicas.

2. As medidas de protección das persoas informantes tamén serán de aplicación, alén das persoas relacionadas na alínea anterior, ás seguintes:

- a) As representantes legais das persoas empregadas públicas da Universidade da Coruña que asistan ou asesoren a persoa informante.
- b) As persoas físicas que asistan ou asesoren a persoa informante.
- c) As persoas físicas relacionadas coa persoa informante e que poidan sufrir represalias, incluídas as súas compañeiras de traballo ou familiares.
- d) As persoas xurídicas nas que a informante traballe ou traballase ou teña ou tivese unha participación ou influencia significativa.

Artigo 3. IDENTIFICACIÓN DA CANLE INTERNA

A canle interna de información da Universidade da Coruña é accesíbel a través da web institucional <https://udc.gal/canleinternainformacion/>

Artigo 4. IDENTIFICACIÓN DA CANLE EXTERNA

A canle externa de información será a que determine a Comunidade Autónoma.

Artigo 5. INFORMACIÓNS

1. As informacións remitidas por medio do Sistema Interno de Información poden ser verbais ou escritas.

a) As informacións verbais poderán realizarse por medio dunha comunicación telefónica coa persoa responsábel do Sistema Interno de Información ou a través dun sistema de mensaxería de voz. Tamén poderán realizarse por medio dunha reunión presencial, que deberá ser marcada dentro do prazo máximo de sete días contados desde a data da solicitude.

As comunicacións verbais deberán ser gravadas ou transcritas. Se fose gravada, a persoa informante será advertida previamente e informada do tratamento dos seus datos de acordo co disposto na normativa de protección de datos. Se fose transcrita, daráselle á persoa informante a oportunidade de comprobar, rectificar e ratificar coa súa sinatura o documento de transcripción.

b) As informacións escritas poderán ser realizadas por medio de correo postal ou de calquera outro medio electrónico habilitado para tal efecto.

As informacións que non fosen directamente remitidas a través da canle interna de información, serán redirixidas a esta pola persoa responsábel do sistema de información.

2. As informacións poden ser nominativas ou anónimas.

3. A persoa informante poderá indicar un enderezo postal ou electrónico ou calquera outro medio seguro para a recepción de notificacións.

Artigo 6. SIXILO DAS COMUNICACIÓNS

1. O Sistema de Información Interno da Universidade da Coruña garante o dereito das persoas informantes a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas. En

particular, a identidade da persoa informante non será en ningún caso revelada ás persoas ás que se refiran a comunicación por ela realizada.

2. O Sistema de Información Interno da Universidade da Coruña garante o sigilo da identidade e dos datos correspondentes ás persoas informantes e afectadas polas informacións presentadas a través del.

3. A identidade das persoas informantes só poderá ser revelada á autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no cadro dunha investigación penal, disciplinar ou sancionadora. Salvo que poidan ficar comprometida a investigación ou o procedemento xudicial, esta revelación será previamente comunicada, de forma motivada, á persoa informante.

Artigo 7. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. A licitude do tratamento dos datos persoais obtidos a través do Sistema Interno de Información da Universidade da Coruña deriva do disposto no artigo 11 da Lei orgánica de protección de datos (LOPD), que facilita ás persoas titulares a información básica seguinte:

- a) A identidade da persoa responsábel do tratamento, que é a responsábel do Sistema Interno de Información.
- b) A finalidade do tratamento.
- c) A posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na LOPD.

2. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 17 da LOPD. Para o caso de que a persoa afectada polos feitos relatados na comunicación exercese o seu dereito de oposición presumirase, salvo proba en contrario, que existen razóns imperiosas de interese xeral que lexitiman o tratamento dos seus datos persoais.

3. O acceso aos datos persoais contidos no Sistema Interno de Información fica limitado en exclusiva á persoa responsábel do Sistema e ás que o xestionen de forma directa, á Xerencia e á Vicexerencia responsábel dos recursos humanos, á Secretaría Xeral e á Asesoría Xurídica, as encargadas do tratamento legalmente designadas e á delegada de protección de datos.

4. O tratamento dos datos persoais contidos no Sistema Interno de Información por parte de persoas distintas das enumeradas na alínea anterior será lícita cando resultar precisa para a adopción de medidas disciplinares no seo da Universidade da Coruña ou para a tramitación dos procedementos administrativos ou penais que procederen.

5. Só serán obxecto de tratamento os datos persoais indispensábeis para o coñecemento e a investigación das accións ou omisións obxecto de comunicación. Serán inmediatamente suprimidos os datos que non resulten indispensábeis para eses fins ou os que non estean relacionados coas condutas obxecto deste procedemento.

6. Os datos obxecto de tratamento serán conservados polo tempo estritamente necesario para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación ao respecto. En todo caso, decorridos tres meses desde a recepción da información sen que se inicie unha investigación, procederase á súa supresión. Só serán conservados, de forma anonimizada, os datos imprescindibles para deixar constancia do funcionamento do sistema.

7. Os datos correspondentes ás comunicacións carentes de verosimilitude serán inmediatamente suprimidos.

TÍTULO II PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DAS INFORMACIÓNS

Artigo 8. DEREITOS DA PERSOA INFORMANTE

A persoa informante terá as seguintes garantías ante o Sistema de Interno de Información da Universidade da Coruña:

- a) Decidir se desexa formular a súa información de forma anónima ou nominativa.
- b) A que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas.
- c) Decidir se desexa formular a súa información verbalmente ou por escrito.
- d) A indicar un enderezo físico ou electrónico ou un lugar seguro para a recepción das comunicacións que lle remita o Sistema de Interno de Información.
- e) A renunciar a recibir comunicacións do Sistema de Interno de Información.
- f) Actuar asistida por un avogado ou avogada.
- g) Exercer os dereitos que lle recoñece a LOPD.
- h) Coñecer o estado de tramitación da súa denuncia e os resultados da investigación.
- i) A acceder ás medidas de apoio previstas no artigo 37 da Lei 2/2023.
- j) A seren protexidas fronte a represalias, de conformidade co disposto no artigo 38 da Lei 2/2023.

Artigo 9. DEREITOS DA PERSOA AFECTADA

As persoas afectadas polas informacións recibidas a través do Sistema de Interno de Información gozarán das seguintes garantías, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 2/2023:

- a) A presunción de inocencia e á protección da súa honra.
- b) Ao sixilo sobre a súa identidade.
- c) A coñecer o estado de tramitación e acceder ao expediente.
- d) A formular cantas alegacións e propor cantos medios de proba considerar oportunos para a defensa dos seus dereitos.
- e) Actuar asistida por un avogado ou avogada.
- f) Exercer os dereitos que lle recoñece a LOPD.

Artigo 10. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓNS

1. Toda comunicación presentada a través do Sistema Interno de Información da Universidade da Coruña será rexistrada e asignaráselle un código de identificación.

2. No prazo máximo de cinco días, contados desde a recepción da comunicación, avisarase da súa recepción a non ser que a persoa informante non indicase un enderezo ou renunciase a recibir comunicacións do Sistema Interno de Información da UDC.

Artigo 11. ADMISIÓN DE INFORMACIÓNS

1. Unha vez rexistrada, a persoa responsábel do Sistema Interno de Información comprobará que a información se refire a algunha das materias incluídas dentro do ámbito de aplicación deste procedemento.

2. A seguir, e dentro do prazo de dez días contados desde o rexistro da información, a persoa responsábel do Sistema Interno de Información adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

a) Inadmitir a información a trámite cando os feitos carezan de verosimilitude, non se correspondan con materias incluídas no ámbito de aplicación deste procedemento, carezan manifestamente de fundamento ou existan indicios racionais de que foron obtidos por medio de delito ou cando non conteña feitos novos respecto de comunicacións anteriores.

A decisión de inadmisión será notificada, de ser o caso, á persoa informante dentro dos cinco días seguintes á súa adopción.

b) Admitir a información a trámite.

A decisión de admisión será notificada, de ser o caso, á persoa informante dentro dos cinco días seguintes á súa adopción.

c) Remitir a información ao Ministerio Fiscal se os feitos comunicados puidesen ser constitutivos de delito ou á autoridade ou organismo competente para a tramitación do procedemento sancionador.

Artigo 12. INSTRUCIÓN

1. Sen prexuízo doutras actuacións tendentes a comprobar a verosimilitude dos feitos obxecto de comunicación, entrevistárase a persoa afectada para lle dar a oportunidade de expor a súa versión dos feitos e propor os medios de proba que considere adecuados.

2. A persoa afectada terá acceso ao expediente, sen prexuízo de que se manteña en todo caso o sigilo sobre a identidade da persoa informante.

Artigo 13. TERMINACIÓN

1. Unha vez concluídas as actuacións, a persoa responsábel do Sistema Interno de Información adoptará, de forma motivada, algunha das decisións seguintes:

a) Arquivo do expediente. Esta decisión será comunicada ás persoas afectadas e á persoa informante, que terá dereito á protección prevista na Lei 2/2023 a non ser que, á vista das actuacións practicadas, se conclúa que a comunicación debeu ter sido inadmitida ou que actuou de mala fe.

b) Remisión ao Ministerio Fiscal se, como consecuencia da instrución, se apreciase a existencia de indicios de delito.

c) Remisión ao órgano competente da Universidade da Coruña para a incoación dun expediente disciplinar ou sancionador ou para a adopción das medidas correctoras ou restitutorias de carácter non sancionador que procederen.

d) Remisión á autoridade competente para a incoación do expediente sancionador que corresponder.

2. A decisión adoptada polo responsábel do Sistema Interno de Información non será recorríbel en vía administrativa, sen prexuízo do recurso que couber contra a resolución que

poña fin ao procedemento disciplinar ou sancionador iniciado con ocasión dos feitos obxecto da comunicación.

TÍTULO III RÉXIME DISCIPLINAR

Artigo 14. DISPOSICIÓN XERAL

O incumprimento dos deberes e garantías previstas neste regulamento e na Lei 2/2023, será sancionado disciplinariamente de acordo co disposto no TREBEP e na Lei de emprego público de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única

O presente regulamento entrará en vigor no día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade da Coruña.